



INFORMACIÓN PARA AS FAMILIAS:
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA RESUMIDA
2024-25

FeQ
1ºBAC

PROFESOR	Juan José Guillín Fraga		
CONTIDOS	<p style="text-align: center;"><u>1º TRIMESTRE</u></p> <p>-Bloque 1 (15%): Cinemática: formulación vectorial no estudio do movemento. Estudio dos movementos rectilíneos e circulares: MRU, MRUA, MCU e MCUA. Compoñentes intrínsecas da aceleración. Composición de movementos: tiro parabólico e horizontal.</p> <p>-Bloque 2 (15%): Dinámica. Identificación de forzas sobre un corpo. Diagrama de forzas en plano horizontal ou inclinado. Determinación da resultante en diferentes sistemas de forzas. Condicións de equilibrio de forzas.</p> <p>-Bloque 3 (6%): Forzas centrais e enerxía. Magnitudes asociadas. Traballo e calor. Principio de conservación da enerxía mecánica. Teorema das forzas vivas. Movemento planetario. Forzas conservativas. Momento lineal, impulso e momento angular.</p>	<p style="text-align: center;"><u>2º TRIMESTRE</u></p> <p>-Bloque 4 (7%): estrutura da materia. Táboa periódica e enlace (repasso 4ºESO).</p> <p>-Bloque 5 (14%): Aspectos cuantitativos da química. Leis ponderais e volumétricas. O Mol. Identificación de sustancias. Formula empírica e molecular. Espectrometría de masas. Ecuación de estado de gases ideais. Mestura de gases: Lei de Dalton. Disolucións. Determinación da concentración e expresión en diferentes unidades: molaridade, molalidade e fracción molar. Solubilidade. Propiedades coligativas.</p> <p>-Bloque 6 (7%): Formulación e Nomenclatura Química Inorgánica. Criterios IUPAC actualizados.</p>	<p style="text-align: center;"><u>3º TRIMESTRE</u></p> <p>-Bloque 7 (24%): Reaccións químicas. Cálculos estequiométricos en masa, volume ou concentración. Pureza, reactivo limitante e rendemento. Exemplos de reaccións químicas importantes: ácido-base, redox e síntese. Química, industria e medio ambiente.</p> <p>-Bloque 8 (12%): Química do carbono. Isomería. Formulación e Nomenclatura de hidrocarburos de cadea aberta e pechada, aromáticos e compostos con grupos funcionais de nitróxeno e osíxeno. Reaccións de condensación e combustión e medio ambiente.</p>

CUALIFICACIÓN: instrumentos, ponderación, mecanismo de recuperación	<ul style="list-style-type: none"> • Probas obxectivas (exames): 75% • Iniciativa: 5% (incluírá todo o que a alumnado propoña fora das explicacións en curso e que consideren que pode resultar interesante e motivador para os compañeiros). Obrigatoria 1 no curso. En caso contrario nas 2 primeiras avaliacións acumularase á observación diaria. • Observación: Interese/traballo diario (libreta de control): 20% • Haberá 1 exame por cada bloque temático (3 na 1ª e 2ª avaliacións e 2 na última). O peso da cada proba gardará a mesma proporción que a especificada na ponderación da cada bloque, que se pode ver na táboa anterior. • Copiar nun exame implica ser cualificado cun “cero” nesa proba. • Haberá 1 proba de recuperación por avaliación, dentro das 2 semanas posteriores á finalización do trimestre suspendido, excepto na última, que se terá de levar a cabo a finais de maio para que o alumnado poida ser avaliado globalmente na convocatoria ordinaria de principios de xuño. No caso de que non consiga superar a materia nesa data, terá a posibilidade de facelo na convocatoria extraordinaria de finais de xuño. • Lémbrese tamén que as probas de recuperación só permiten avaliar o aspecto conceptual do currículo, o cal só supón un 75% da nota global final, polo que acadar un 5 na proba de recuperación non implica necesariamente ter acadado a avaliación positiva na materia. Será a suma dos outros aspectos avaliados os que determinen se, en conxunto o alumno/a acadou os mínimos necesarios. • A sesión de avaliación FINAL terá lugar sobre o 13 de xuño e nela cada alumno obterá a súa nota definitiva no curso. Esta calcularase facendo a media PONDERADA das obtidas nas 3 avaliacións (36%, 28% E 36%). Para o cálculo desta media teranse en conta as notas de todas as probas realizadas no curso SEN REDONDEAR. • Non obstante, uns días antes da mesma (previsiblemente a finais de maio) o alumnado xa terá unha estimación da nota que pode chegar a obter co cal pode decidir facer unha PROBA DE NIVEL específica que lle permita elevar a súa cualificación global, se considera que o seu nivel conceptual é maior ao amosado durante todo o curso. • Despois desa avaliación FINAL ordinaria, e durante o mes de xuño de 2022, os que suspendan a materia terán unha proba extraordinaria, antes do 24 de xuño, para intentar demostrar que acadou os mínimos. A esa proba acudirase só coas avaliacións suspendidas.
PLAN DE LECTURA	<ul style="list-style-type: none"> • Proporase unha serie de libros como lecturas recomendadas: -“Quantic Love”. Sonia Fernández-Vidal -“El tío Tungsteno”. Oliver Sacks. -“¿Tenían ombligo Adán y Eva?”- Martin Gardner. -“Una Breve historia de casi todo”. Bill Bryson.-“Lo que Einstein le contó a su barbero”. Robert L. Wolke.
TIC	<ul style="list-style-type: none"> • Promoverase o uso de ferramentas TIC nas exposicións de traballos e na comunicación co profesor por vía electrónica. Tamén serán necesarias unhas aptitudes mínimas para dominar o uso da plataforma “Google Classroom”, que será a elixida para acompañar as explicacións diarias.
ACTIVIDADES COMPL. E EXTRAESCOLARES	<ul style="list-style-type: none"> • Tratarase de facer polo menos 1 saída ao longo do curso relacionada coa ciencia.